



Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Training needs in the work setting		Code	652511220	
Study programme	Mestrado Universitario en Psicopedagogía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	3	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Pedagogía e Didáctica				
Coordinador	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	E-mail	jose.malheirog@udc.es		
Lecturers	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	E-mail	jose.malheirog@udc.es		
Web	www.udc.es/dep/pdce/xmalheiro/				
General description	Esta asignatura está orientada a afondar na relación que existe entre o mundo da formación e o do traballo. E especialmente, explorando as posibilidades de intervención que ofrece, desde o punto de vista profesional, tanto a formación para o traballo ou ocupacional, como a formación no traballo, ou continua.				
Contingency plan	<ol style="list-style-type: none"> Modifications to the contents Methodologies <ul style="list-style-type: none"> *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified Mechanisms for personalized attention to students Modifications in the evaluation <ul style="list-style-type: none"> *Evaluation observations: Modifications to the bibliography or webgraphy 				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A6	Dominar o marco lexislativo que regula o funcionamento das diversas institucións e adoptar un marco teórico de referencia que ampare os criterios de selección dos diferentes instrumentos e estratexias de diagnóstico, intervención e avaliación.
A8	Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais.
A14	Coñecer as necesidades formativas básicas nos diferentes contextos escolares e sociolaborais, poñendo especial atención naquelas competencias que favorezan o traballo en contornos multiculturais
A15	Coñecer e valorar as competencias que buscan o desenvolvemento do potencial individual, os procedementos que se utilizan para a súa concreción práctica, o contido e nivel de cualificación, así como a necesidade da educación ao longo da vida
B1	Capacidade de creatividade e innovación
B2	Aprender a aprender
B3	Capacidade de resolución de problemas
B4	Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica
B5	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e escrita
B8	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional



B10	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
- Comprender a lexislación básica que ampara e desenvolve a intervención psicoeducativa na formación ocupacional e continua.	AJ6	BC1	CC1
	AJ8	BC2	CC3
	AJ14	BC3	CC4
- Coñecer as necesidades formativas básicas nos diferentes contextos sociolaborais.		BC4	CC5
		BC5	CC6
			CC7
			CC8
- Coñecer os instrumentos básicos da formación para o traballo nos diferentes ámbitos de intervención sociolaboral.			
- Diseñar e avaliar intervencións e programas de formación nos diferentes contornos sociolaborais.			
- Coñecer e valorar as competencias que buscan o desenvolvemento do potencial individual, os procedementos que se utilizan para a súa concreción práctica, o contido e nivel de cualificación, así como a súa incidencia nas oportunidades laborais das persoas.			
Coñecer e valorar as competencias que buscan o desenvolvemento do potencial individual, os procedementos que se utilizan para a súa concreción práctica, o contido e nivel de cualificación, así como a necesidade da educación ao longo da vida	AJ15	BC8	
		BC10	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional		BC8	
Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.		BC10	

Contents	
Topic	Sub-topic



1. Marco legislativo	1.1. Formación ocupacional 1.2. Formación continua
2. Intervención psicopedagóxica para a inserción laboral a través da formación ocupacional	2.1. A Formación Ocupacional 2.2. Aspectos psicopedagóxicos
3. Intervención psicopedagóxica no ámbito laboral a través da formación continua	2.3. Realizacións prácticas no ámbito da formación para o emprego. 3.1. A Formación Continua 3.2. Aspectos psicopedagóxicos 3.3. Realizacións prácticas no ámbito da formación continua.
4. Casos prácticos de intervención sociolaboral	4.1. Casos prácticos de intervención sociolaboral en formación ocupacional 4.2. Casos prácticos de intervención sociolaboral en formación continua

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A14	5	0	5
Guest lecture / keynote speech	C3 C5	20	0	20
Directed discussion	B3 B5	10	0	10
Case study	A6 A8 A15 C4 C8	10	0	10
Workbook	C5 C6 C7	0	8	8
Long answer / essay questions	A6 A14 B3 B5 B8	2	0	2
Supervised projects	B1 B2 B4 B10 C1	1	9	10
Personalized attention		10	0	10

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Guest lecture / keynote speech	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Directed discussion	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Case study	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Workbook	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.



Long answer / essay questions	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Supervised projects	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Personalized attention

Methodologies	Description
Case study Introductory activities Supervised projects	<p>A situación actual de pandemia obriga a ter en conta aquelas adaptacións que veñan impostas polo límite de aforo das instalacións e polas posibles incidencias puntuais que se poidan producir, para o que será necesario seguir utilizando os recursos síncronos e asíncronos dos que dispón a Universidade para o apoio á docencia e a innovación: email, Teams e Campus Virtual fundamentalmente. A través desas vías combinadas, farase chegar ao alumnado toda a información necesaria (instrucións, contidos, materiais, recomendacións, informacións) para o correcto seguimento das clases.</p> <p>O proceso para a elaboración dos traballos encomendados terán unha atención permanente e no seu caso persoalizada mediante as canles indicadas, coa finalidade de manter o apoio e o seguimento regular e individualizado necesarios nas diferentes propostas de aprendizaxe.</p> <p>Aínda que non é obrigatoria a asistencia ás titorías, o profesor estará dispoñible o seu horario de atención ao alumnado de xeito regular, semanalmente, para resolver as dificultades que o seu traballo planteen. É preferible solicitar previamente a titoría. Nota importante: o profesor non avaliará aqueles traballos que non foran previamente tutelados e dos que non se teña constancia, para o cal, darase oportuna información no seu momento.</p> <p>As titorías individuais poderán ser tanto virtuais como presenciais, mantendo, neste caso, as debidas medidas de seguridade. As titorías grupais serán virtuais a través de TEAMS.</p> <p>Por razóns de hixiene, limpeza e desinfección do centro, estará prohibido o consumo de alimentos nas aulas.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Introductory activities	A14	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.	10



Supervised projects	B1 B2 B4 B10 C1	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.	70
Long answer / essay questions	A6 A14 B3 B5 B8	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	20

Assessment comments

Os contidos e todas as

actividades a desenvolver no marco do programa da materia realizaranse na lingua galega; e tratándose dun contexto de aprendizaxe como é o da Historia da educación, terase en conta a boa disposición do alumnado á hora de empregar este idioma, co debido respecto e atención, no desenvolvemento das diferentes actividades de clase, ben sexa de xeito oral ou escrito.

A puntualidade, a regularidade da asistencia ás

sesións de clase así como o interese amosado, a actitude diante da materia e das actividades, e a participación e colaboración serán aspectos obxecto de avaliación. Sendo así, o alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia deixa de considerarse asistente pasando a ser avaliado seguindo os criterios do alumnado non asistente. Aqueles alumnos ou alumnas que

por causas excepcionais non poden asistir regularmente ás clases presenciais, ás interactivas ou a ambas, é necesario que o xustifiquen debidamente para poder ter dereito a unha avaliación axustada ás súas necesidades, evitando agravios co resto do alumnado. Estas circunstancias deben ser expostas convenientemente ao profesor ao inicio das clases, ou no momento en que se produzan, para poder estudar a mellor opción en cada caso, en beneficio do alumno ou alumna e o seu dereito á aprendizaxe en igualdade e equidade.

Para superar a materia é imprescindible ter realizadas de xeito positivo todas e cada unha das actividades de avaliación. En caso contrario, a cualificación será de suspenso. Gardaranse as partes aprobadas durante a convocatoria anual. A asistencia e participación activa e esixente nas dinámicas de aula serán consideradas de forma positiva no proceso de avaliación. Calquera circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao inicio do curso para a súa oportuna e axeitada consideración. Para o alumnado que, por razóns debidamente acreditadas, non poida ter unha asistencia sistemática e o faga a tempo parcial, establécense criterios de avaliación adecuados, en cada caso, ás súas circunstancias, garantindo a igualdade de oportunidades. Criterios de avaliación:- Proba de ensaio (50%)- Traballos realizados en pequeno grupo (40%)- Outros aspectos (Actitude, asistencia, interese amosado, etc.) (10%)- O alumnado de segunda oportunidade deberá realizar unha proba obxectiva que contará o 100% da cualificación.- No caso de ter estudantes con discapacidade, e dependendo da mesma, arbitranse as probas oportunas contando co asesoramento da Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI).

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aguilera Izquierdo, R., García Piñeiro, N., Cristóbal Roncero, R. (2005). El régimen jurídico de la formación continua. Madrid, Civitas - Badia Garganté, A., Mauri Majós, T., Monereo Font, C. (coords.) (2006). La práctica psicopedagógica en educación no formal. Volumen II. Barcelona : UOC - Contreras Gallego, M. (2006). La inserción laboral de los titulados universitarios y su relación con la formación continua. Granada : Grupo Editorial Universitario, - Equipo IFES (Instituto de Formación y Estudios Sociales) (2008). Puentes entre la educación no formal e informal y el empleo, entre la educación permanente y el empleo: alternativas. Madrid : Subdirección General de Información Administrativa y Publicaciones, Ministerio de Trabajo e - Filella, G. (Coord.) (1999). La intervenció psicopedògica en el context no formal. Lleida, Pagès - García Leal, C. (2006). Formación y orientación laboral. Madrid : McGrawHill, - Miguel González, J., González Soto, Ángel Pío (2000). Formación y empresa: las organizaciones como marco de la formación. Educación XX1. revista de la facultad de Educación, páxs. 163-218 - Molina Martín, S., Hernández García, J., Rodríguez Menéndez, Mª del C.a (2007). Los programas de formación ocupacional: una alternativa al término de la educación obligatoria. Revisya complutense de educación, vol. 18, nº 2, páxs. 105-124 - Sala Franco, T., Pedrajas Moreno, A., Lleó Casanova, B. (2005). La formación profesional continua de los trabajadores en la empresa. Madrid, Tirant lo Blanch - Sánchez Delgado, P. (2000). Metodología y evaluación de los procesos de formación continua. Formación y Empleo. enseñanza y competencias, páxs. 199-229 - Sarceda Gorgoso, Mª del C. (2008). Diseño en formacion ocupacional e insercion laboral. Vigo : Universidade de Vigo - Sarramona López, J. (2002). La formación continua laboral. Madrid, Biblioteca Nueva - Sarramona López, J. (2006). El nuevo modelo de formación continua en España balance de un año de cambios . Revista de educación, ISSN 0034-8082, Nº 341, (Exemplar dedicado a: La cualificación profesion - Vaquero garcía, A. (2009). La formación continua en Galicia: Un balance. en Santiago Iago Peñas, Alberto Vaquero García (Coords.): La formación para el empleo: situación act - Zapata Ros, M., Cerezo Sánchez, P. (2007). La formación continua en Cataluña, formación de formadores: Conclusiones y propuestas a partir de los resultados del estudio Formación de Formadores y competencias trasversales.. Revista de Educación a Distancia, nº 17. - Martínez López, A. (2008). Los cursos de formación profesional ocupacional: sobre cómo se forman los formadores. Revista Iberoamericana de Educación, vol. 47, nº 4 - Ricoy Lorenzo, Mª del C., Rivero Fernández, Mª Reyes (2009). medios tecnológicos y otros recursos educativos utilizados en los cursos de formación ocupacional. Revista complutense de educación, vol. 20, nº 2, páxs. 435-454 - Aznar Díaz, I., Hinojo Lucena, F. J. (2009). La integración social a través del empleo y la formación: origen y evolución histórica de la formación profesional ocupacional. Revista Iberoamericana de educación, vol. 48, nº 6 - Cueto Iglesias, B. (2010). Los efectos de la formación ocupacional: ¿Importa la duración de las acciones?. Hacienda pública española, nº 195, pp. 9-36 - Holgueras González, A. I., (2011). La formación docente y la fogura del formador ocupacional. Enseñanza & Teaching: Revista Interuniversitaria de Didáctica, nº 29, páxs. 27-51 - Dautrey, P. (2009). Una lectura transversal de la Formación Ocupacional pública: entre Karl Polanyi, Max Weber y Michel Foucault. Cuadernos de Trabajo Social, nº 22, páxs. 109-121
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Design and Development of the Socio-Educational Action/652G03002

Lifelong Learning/652G03008

Organisation Organization and Management of Socio-Educational Institutions/652G03012

Socioeducative Socio-Educational Action in Minorities and Vulnerable Groups/652G03022

Evaluation Methods for Socio-Educational Programmes and Services/652G03023

Occupational Guidance/652G03021

Counselling and Employment Policies/652G03031

Local Government and Cultural and Educational Action/652G03040

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

- Non se admitirán traballos dos que o profesor non teña constancia da súa realización.-

As datas de entrega dos traballos son propostas con antelación

suficiente para a súa realización, polo que, logo de seren consensuadas

no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais, estas son inamovibles. -

Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado

todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a

figurará como NON PRESENTADO/A ao non poder ser avaliado na totalidade

das propostas de aprendizaxe.- Os traballos escritos

presentaránse paxinados, grapados e ben identificados (nome do

alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor). Non é

necesario encadernación, fundas de plástico, aneis ou

deseños similares. É aconsellable facer copia do orixinal que se

entregue. -Sobre a entrega dos traballos, recoméndase a non impresión de borradores, o

uso de medios telemáticos e, de non ser posible, as impresións a dobre

cara en papel reciclado. Sobre este aspecto, o profesor dará oportunas

indicacións se é do caso.-O alumnado de modalidades

específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade, ou que teña recoñecida dedicación ao estudo a tempo parcial ou calquera outra situación

excepcional, deberá informar debidamente da súa casuística ao profesor, e coa debida acreditación. Debe facerse NO INICIO DO CURSO,

a efectos de poder adaptar a súa situación individual ás esixencias

curriculares da materia, poder cumprir os criterios de avaliación aos

que se someta o resto do alumnado e garantir a necesaria igualdade de

condicións no proceso de aprendizaxe e de oportunidades na avaliación da

materia. Excepcionalmente, no caso de que o /a

estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar

todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas

que considere oportunas para non prexudicar a súa cualificación-

No caso de estudantes con discapacidade, e dependendo da mesma,

o profesor arbitrará as probas oportunas contando co asesoramento da Unidade

Universitaria de Atención á Diversidade (ADI). - O alumnado de

segunda oportunidade deberá realizar unha proba obxectiva que contará o

100% da cualificación, baseada nos contidos da materia.- O calendario de titorías está exposto no lugar

oficial da web da Facultade e na cortiza de anuncios da porta do

despacho. (Despacho P0B16, Telf. 981167100 Ext. 4615)



(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.